



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PREGUNTA PARA A SÚA RESPOSTA ORAL EN PLENO:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pesar da intención inicial do Goberno local de que a veciñanza de cada inmoible cargara cos gastos de repoñer os pavimentos estragados nos accesos a garaxes en distintos puntos da cidade, principalmente na zona do Ensanche, finalmente o Goberno viuse obrigado a afrontar a execución destas melloras –tal e como se tiña feito no pasado mandato-, contratando unhas obras específicas que se iniciaron a finais do pasado mes de agosto nas rúas Alfredo Brañas e Xeneral Pardiñas.

Con todo, algunha comunidade de propietarios en resposta ao requirimento inicial do Concello arranxou pola súa conta o acceso en vía pública, atopándose nunha situación de agravio comparativo respecto do resto de edificios onde os accesos foron reparados con cargo ao orzamento municipal. Unha cuestión que se debería resolver a prol dun trato igualitario.

Con motivo das obras que o Concello está a acometer nos vaos de acceso distribuíronse avisos nos edificios afectados indicando que, con motivo das obras de reparación do pavimento das beirarrúas, desde as 9 horas data do anuncio e “ata novo aviso, quedará suspendida a entrada e saída de vehículos ao garaxe”.

Por parte da veciñanza temos constatado o malestar existente nas zonas afectadas pola total imprecisión dos avisos no relativo ao remate dos traballos e, sobre todo, pola desatención que está a mostrar o Goberno municipal á hora de articular medidas paliativas para as persoas afectadas por esta situación.

Cómpre lembrar que no desenvolvemento de traballos similares levados a cabo noutras obras con impactos semellantes, como as executadas en Carreira do Conde, por parte do Concello se tratou de manter unha especial sensibilidade cos veciños e veciñas habilitando provisionalmente espazos para o aparcamento dos seus vehículos e mesmo facendo xestións para lograr condicións vantaxosas nos aparcadoiros públicos próximos.

Á vista desta situación, o Grupo Popular presenta a seguinte pregunta:

Realizou ou pensa realizar o Goberno algunha acción específica para concretar a información sobre a duración dos traballos de reposición de pavimentos nos accesos a garaxes do Ensanche, para compensar os gastos nos que incorreron aquelas comunidades ao arranxar pola súa conta os accesos en vía pública e, sobre todo, para facilitar as condicións de aparcamento da veciñanza afectada nas proximidades dos seus domicilios, mentres non poidan acceder aos seus garaxes?

Santiago de Compostela, a 6 de outubro de 2016.



Teresa Gutiérrez López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela